

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O trasno en Rego da Cal

»Meu abuelo e mais miña abuela foron ó muiño de noite. E iban deitar ó muiño a moenda pa moer e chegaron á porta do muiño e encontráronse con un, cun picariño chorando diante da porta do muiño.

□ Ah, Jesús, ah, Jesús; ¿quen sería o que o trougo aquí? ¿Quen sería?

Pillan o pícaro, encenden de lume no muiño e veña quentalo. Puñérono ¡Dios nos libre! E, desque o tiveron ben quente e que o fardaron ben, botou a andar e dixo:

□ ¡Jujurujú, que as miñas nenas me quentaron o cu!

E era o trasno que se puxo daquela figura».

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

ARQUIVO CHAIRA: Transcripción da versión oral ATILANO RIVAS (96 anos), Rego da Cal, Galgao. Marzo de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma.

